



SÍNTESE GLOBAL

Elaborar unha síntese global dos tres debates celebrados sobre os incendios forestais é unha tarefa difícil. A problemática dos lumes resulta moi complexa e debe ser abordada dende múltiples puntos de vista, polo que calquera resumo corre o risco de caer nun excesivo reduccionismo. Con todo, consideramos de interese expoñer estas liñas xerais extraídas do conxunto dos debates que, necesariamente, foron plurais e converxentes pero tamén reflicten a disparidade de criterios dos distintos expertos das disciplinas convocadas. Non podía ser doutra maneira. Estas ideas pretenden servir como punto de partida a todo o documento xeral que aquí se presenta e que debe ser analizado na súa totalidade para poder achegármonos, da man da ecoloxía, da silvicultura, da economía, da política, da percepción social, da comunicación, da educación ou da socioloxía a un tema tan estrutural e complexo como é o dos lumes forestais en Galicia. Só dende este multiperspectivismo poderemos entender por que arde o monte e, en consecuencia, como abrir vías para evitar este desastre de dimensións ambientais, económicas e sociais.

Dende o punto de vista ecolóxico e silvícola, os expertos conclúen que a **presenza de determinadas especies forestais non é tan determinante** para o número, extensión e intensidade dos lumes como a forma en que se xestionen esas superficies de monte e a relación que manteñan coa sociedade. De calquera xeito, **a diversificación de especies e usos do monte é algo moi aconsellable** dende unha óptica ecolóxica e silvícola. Non podemos esquecer que o mato é **algo propio e mesmo necesario do ecosistema forestal atlántico**. No control do risco de incendios débese acadar un equilibrio entre a redución da biomasa combustible e a integridade do ecosistema. Na práctica dos desbroces (débese desbotar o uso da verba “limpeza”) podería ser de grande utilidade a posibilidade da transformación da biomasa en electricidade se se dispuxese dos correspondentes incentivos económicos. Ademais, as medidas de conservación do medio (solo, auga e biota) deben recibir o máximo interese articulándose medidas a prazo curto (despois



do lume), medio (no ano seguinte) e longo. É absolutamente necesario contar cun **único organismo que xestione, coordine e unifique todas as medidas de conservación** dependentes das diferentes administracións e que, finalmente, avalíe a eficacia das técnicas empregadas.

No nivel dos aspectos sociais, económicos e políticos, o obxectivo é unanimemente compartido: débese acadar a valorización dun monte hoxe maioritariamente abandonado ou mal xestionado. Esta valorización debe estar presidida polo desenvolvemento das capacidades multifuncionais dos montes, pola reimplicación da sociedade rural na súa xestión e pola consecución dun equilibrio entre o económico e o ambiental. Para conseguir todo isto é fundamental destacar os seus principais problemas: a) No réxime de propiedade e estrutura parcelaria, onde **convive un monte minifundista** en mans de centos de miles de propietarios privados con **amplas superficies veciñais en mans de comunidades inactivas**. b) Nas estruturas mercantís da madeira, nas que predominan un **excesivo protagonismo da produción de madeiras de baixa calidade** e dun mercado non disposto a valorar os coidados silvícolas e c) Na **falta de políticas de racionalización do forestal** galego que teñan en conta, cando menos, as transformacións das estruturas parcelarias, a dinamización das comunidades de montes, a posta en marcha de producións alternativas e, sobre todo, o afrontar decididamente **planificacións a medio e longo prazo**, superadoras de urxencias políticas e electorais.

A análise de contido das cabeceiras galegas durante o pasado agosto conclúe que a **cobertura informativa** dos incendios do verán de 2006 foi maior **cuantitativamente, pero non difire cualitativamente da de anos anteriores**. Os expertos recomendan que a estratexia de comunicación sobre os lumes debe ser **proactiva**, non reactiva, plasmada en mensaxes claras e concisas e sempre mediante **voceiros autorizados**. Especial atención merece a emisión por televisión das **imaxes dos incendios** xa que ten efectos positivos e negativos. Con todo, é evidente que a versión intensiva da televisión



durante o verán de 2006 serviu para elevar o lume a problema público, é dicir, dos cidadáns. Porque ata o de agora os incendios eran, basicamente, un problema político, é dicir, da Xunta. Cómpre fomentar a transparencia informativa así como desenvolver **políticas de comunicación proactiva a medio e longo prazo, e** impulsar o emprego dunha **linguaxe menos alarmista e catastrofista.**

Por último e dende o punto de vista pedagóxico, denúnciase a **ausencia de coñecemento e de contidos educativos** divulgados nos centros de ensino galegos sobre os problemas e potencialidades do monte, mesmo naqueles situados en concellos cunha superficie forestal importante e nos que este territorio constitúe unha das bases da súa economía. Estímase que nestas **eivas da educación escolar** en relación cos valores e riscos do monte galego pode atoparse **unha das razóns últimas** da forte incidencia, un ano tras doutro, do número de incendios forestais.

Conclúese, finalmente, que **os aspectos culturais non son menores** na problemática dos incendios forestais en Galicia. Cómpre adiantar no coñecemento científico e técnico do problema pero aínda é máis importante que a súa percepción pola sociedade mellore, e, sobre todo, que unha **cultura silvícola moderna e propia** se imponha nas comunidades campesiñas, ás vellas e deturpadas prácticas que aínda subsisten.